



TEMPO DE ENTROIDO 2024

O Concello de Outes, abre o prazo de inscrición para o servizo de conciliación “**TEMPO DE ENTROIDO**”, do programa Outes Concilia, destinado a nenas e nenos de **idades comprendidas entre os 3 anos (escolarizados) e os 12 anos**, que se desenvolverá os días, **12 e 13 de febreiro, en horario de 8:00 a 16:00 h., no edificio autónomo do CEIP Plurilingüe de Outes.**

As familias poderán facer uso do servizo en función das súas necesidades, permitindo a entrada e saída flexibles.

Para o bo desenvolvemento das actividades programadas, recoméndase a aquelas familias que non vaian a facer uso do horario completo do servizo, incorporarse ao mesmo sobre ás 10:00 h e saída a partir da 13:30 h.

As nenas e nenos terán opción de almorzar e xantar no servizo, sendo as familias as encargadas de aportar os alimentos en termos e neveiras.

Prazas limitadas.

O prezo público establecido na ordenanza reguladora corresponde e ascende a **10 €** o total do servizo.

Exención e bonificación.

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

1.- Exención:

A emisión dun Informe Social do departamento de servizos sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para abonar o custo do mesmo conlevará a exención da cota.

2.- Bonificación:

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 50%.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Documentación a achegar sempre que non esté en poder do Concello de Outes e se comuniquen o expediente no que figure:

Fotocopia do libro de familia. No caso de tratarse de familias numerosas ou monoparentais acredítalo co título correspondente.
--

Fotocopia tarxeta sanitaria da/o menor
--

O persoal técnico responsable do servizo poderá requirir outra documentación complementaria ou adicional que precise.

As solicitudes poden presentarse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello (<https://outes.sedelectronica.gal>), ou de xeito presencial no Rexistro do Concello de Outes en horario de 9:00 h a 14:00 h de luns a venres. O prazo de inscrición do **25 de xaneiro ao 5 de febreiro**. (Ambos incluídos)

Máis información no CIM de Outes, solicitando cita previa no número de teléfono 981850949